

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCA UN PREMIO ATLANTTIC Á MELLOR TESE DOUTORAL NO ÁMBITO DAS TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN (EN MEMORIA DOS INVESTIGADORES MANUEL RAMOS E FERNANDO ISASI)

O Centro de Investigación atlantTic nace en 2010 como centro propio da Universidade de Vigo. Na actualidade o Centro está posicionado como un referente nacional e internacional na I+D+i en Tecnoloxías de Telecomunicación e Servizos Dixitais, sendo recoñecida a súa traxectoria e excelencia científica coa identificación como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Coa misión de impulsar o avance da sociedade a través da xeración e transferencia de coñecemento en ditos ámbitos, o equipo multidisciplinar de atlantTic (máis de 190 profesionais) vertebrada a súa actividade investigadora en tres grandes verticais: comunicacións, ciberseguridade e servizos dixitais, que dan resposta aos grandes retos globais en materia de conectividade, dixitalización e ciberseguridade. Nestas verticais se integran tecnoloxías de vangarda como a IA, BigData, sistemas de recomendación, Cloud, 5G, 6G, as comunicacións inalámbricas, criptografía e comunicacións cuánticas, fotónica integrada, electromagnetismo computacional, etc.

Grazas a súa combinación de excelencia científica e alta capacidade de transferencia de tecnoloxía e coñecemento, o centro atlantTic sitúase ano a ano como referente na captación de fondos competitivos e procedentes de actividades de transferencia na Universidade de Vigo, a quen posiciona, ademais, entre as 300 mellores institucións académicas do mundo no ámbito das telecomunicacións, quinta de España e única galega nesta área segundo a última clasificación do ranking de Shanghai (ARWU) en 2022.

Neste contexto, o centro atlantTic decidiu establecer un premio nacional, coa colaboración da sección española do IEEE, para recoñecer o labor realizado por aquelas persoas investigadoras cuxa tese doutoral represente un avance significativo no eido das tecnoloxías de telecomunicación, recoñecendo a súa labor científica, fomentando o avance do coñecemento nesta área e estimulando a actividade da comunidade investigadora no devandito ámbito.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, un premio para aquelas persoas que defendesen a súa tese doutoral no eido das tecnoloxías de telecomunicación nunha Universidade española na anualidade 2022, que se xestionará de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.



2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/, na páxina web do centro de investigación ATLANTTIC (www.atlanttic.uvigo.es/premio-tese) e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

Belén Rubio Armesto



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DUN PREMIO ATLANTTIC Á MELLOR TESE DOUTORAL NO ÁMBITO DAS TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN (EN MEMORIA DOS INVESTIGADORES MANUEL RAMOS E FERNANDO ISASI)**1. OBXECTO**

O Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación, atlantTic, decidiu establecer un premio nacional coa colaboración da sección española do IEEE, para recoñecer o labor realizado por aquelas persoas investigadoras cuxa tese doutoral represente un avance significativo no eido das tecnoloxías de telecomunicación. Este premio recoñece a aquelas contribucións que, baseadas na innovación, a creatividade, a orixinalidade e o rigor científico no campo das tecnoloxías das telecomunicacións, presentan unha alta capacidade de avance no coñecemento producido nestas disciplinas. Ademais disto, tamén servirá de estímulo complementario as persoas investigadoras que traballan neste campo.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poden solicitar o premio as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Persoas en posesión dun título de doutoramento, de calquera nacionalidade, que defendesen a súa tese doutoral no eido das tecnoloxías de telecomunicación (comunicacións, servizos dixitais e/ou ciberseguridade) en calquera universidade española.
- b) Data de defensa da tese, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.
- c) Tendo acadado na tese a máxima cualificación (excelente cum laude).
- d) Ter publicado 2 artigos JCR Q1/Q2 ou, no seu defecto, dispor dunha patente en explotación, por un resultado da investigación realizada no contexto da tese doutoral no eido das Tecnoloxías de Telecomunicación.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

3. INCOMPATIBILIDADES

O premio establecido nesta convocatoria é compatible con calquera outro premio da mesma natureza e para a mesma finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a este premio irán con cargo á aplicación orzamentaria 2023 AT11 131H 484.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 2.000,00 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
2. A contía individual máxima do premio será 2.000€



3. O pagamento da premio efectuarase no prazo dun mes dende a adxudicación mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o **formulario en liña** no seguinte ([enlace](#)), **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, e por como **asunto** “*premio ATLANTIC-Tese Doutoral*”, achegando unicamente o formulario coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_registro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, se lle requirirá para que a presente de xeito electrónico. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **31 de outubro de 2023** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- Certificado do centro onde se leu a tese de doutoramento, que conteña a seguinte información:
 - Título
 - Nome e apelidos do titor ou directores.
 - Data de lectura ou defensa.
 - Calificación obtida.
- CV do autor da Tese seguindo o modelo de Curriculum Vitae abreviado (CVA) do MINECO (máx. 4 páxinas).
- Un resumo en castelán, de máximo 6 páxinas (fonte: Times New Roman 12) indicando:
 - De 3 a 5 "palabras clave" que describen a obra, preferentemente tomadas da taxonomía do IEEE https://www.ieee.org/documents/taxonomy_v101.pdf
 - Breve explicación da relación do traballo realizado coas tecnoloxías de telecomunicación, facendo especial fincapé nos aspectos orixinais e innovadores e nos resultados obtidos.
 - Resumo destacando a orixinalidade e innovación no ámbito técnico, e os **5 méritos máis significativos** obtidos polo traballo realizado, indicando claramente a súa contribución (p.e. publicacións de impacto, tanto en revistas



como en congresos internacionais de gran relevancia, sempre na disciplina das Tecnoloxías de Telecomunicación, patentes, aplicacións comerciais, resultados de transferencia) e outros méritos (por exemplo, estadías no estranxeiro, premios recibidos, financiamento recibido).

- Como anexos poderá enviarse un índice con enlaces a:
 - O traballo (tese de doutoramento) en formato Adobe .pdf (en castelán ou inglés).
 - Traballos publicados en revistas nacionais/internacionais, e en congresos nacionais/internacionais derivados da Tese.
 - Financiamento público ou privado recibido.
 - Patentes xeradas, aplicacións comerciais.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Premios logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación.

Para tal fin, presentarán o formulario de [alegacións](#) na secretaría virtual da universidade (sede.uvigo.gal) dirixido ao Servizo de Axudas ao Estudo, Premios e Prezos Públicos. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo **aos 5 méritos máis significativos de entre os seguintes** valorándoos, no seu conxunto, cun máximo de 100 puntos:

- Publicacións de impacto en revistas JCR de gran relevancia en Tecnoloxías de Telecomunicación, indicando claramente a súa participación, a súa relación coa tese e os indicios de calidade.
- Publicacións de impacto en congresos internacionais de gran relevancia no eido das Tecnoloxías de Telecomunicación, indicando claramente a súa participación, a súa relación coa tese e os indicios de calidade.
- Resultados de transferencia, patentes, aplicacións comerciais no eido das Tecnoloxías de Telecomunicación, indicando claramente a súa participación e a súa relación coa tese.
- Premios recibidos, proxectos xerados a partir da tese e outros méritos (estadías no estranxeiro, financiamento recibido, etc..).

De ser o caso, o premio poderá considerarse deserto se ningunha solicitude supera o limiar de 65 puntos.



A comisión de avaliación estará composta por persoas de especial relevancia no eido das tecnoloxías de telecomunicación e, a súa composición, será publicada unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Premios publicará a listaxe provisoria de persoas con premio concedida, denegada coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar as [alegacións](#) no prazo de **cinco días** hábiles, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o formulario alegacións na secretaría virtual da Universidade de Vigo (sede.uvigo.gal) dirixido ao Servizo de Axudas ao Estudo, Premios e Prezos Públicos.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen adxudicará o premio mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de **3 meses** contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva da persoa con premio concedido e a súa contía, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ na páxina web de ATLANTTIC (www.atlanttic.uvigo.es/premio-tese) e no portal de bolsas da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse no enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o formulario de renuncia existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (sede.uvigo.gal) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar



á perda dos dereitos económicos e á concesión do premio á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

8. OBRIGAS

A persoa gañadora comprométese a facer unha breve presentación da súa tese de doutoramento (máximo 15 minutos) na cerimonia de entrega do devandito premio; sendo comunicada a data á persoa premiada no prazo mínimo de 30 días previa cerimonia.

No caso de non poder asistir de xeito presencial, a devandita presentación poderase facer de xeito virtual.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DO PREMIO E PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito ao cobro deste premio:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. PUBLICIDADE

A persoa gañadora autoriza a atlantTic a publicar o seu currículo, así como o resumo do traballo premiado, nos medios que considere oportunos.

11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das premios concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS premios.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_premios.pdf)

